

## FLORENCIO VAAMONDE (1860-1925) Á PROCURA DUNHA NORMA CULTA

Xesús Cociña Souto

Universidad Complutense de Madrid

### 1. INTRODUCCIÓN

Nesta achega ó estudio do galego literario analízanse catro obras de Florencio Vaamonde Lores (Ouces, Bergondo, 1860 - A Coruña, 1925) publicadas na derradeira década do século XIX e nos primeiros anos do XX, nun momento que a crítica considerou sempre de transición e decadencia<sup>1</sup>. Florencio Vaamonde pertence á denominada Escola Formalista, xurdida arredor da figura de Eduardo Pondal<sup>2</sup> e caracterizada polo intento de superación dos tópicos ruralizantes e pola exaltación dun pasado nacional heroico. O distanciamento vaticinante e o clasicismo narrativo, a vaguidade elusiva e o tratamento máis severo e sobrio da forma así como un afastamento da actitude ruralizante de certos autores do Rexurdimento constitúen as principais características desta escola poética (Méndez Ferrín, 1984, p. 26-27).

Desde o punto de vista estilístico, unha das maiores preocupacións de Vaamonde consistiu na creación dun modelo de galego literario culto, procurando pulir o máis posible a lingua utilizada nas súas obras. En palabras do seu amigo Paumán, os escritores desleixados converteran o galego nunha *pobre rosa entre lodo, arrastrada e malfe-*

<sup>1</sup> Carballo Calero (1981, p. 521) destaca a necesidade dunha transformación da nosa literatura: “Era precisa unha renovación. As augas da nosa Castalia ficaran encoradas. Os tempos eran outros. Producírase a crise do 98, e alapea a cacheira do modernismo (...). Non faltaba senón que xurdisen novos talentos literarios. Éstes han marcar unha transición na nosa poesía”.

<sup>2</sup> Segundo Méndez Ferrín (1984, p. 21), con *Queixumes dos pinos* (1886) Pondal inaugurou a Escola Formalista, “que representa a versión galega da reacción idealista finisecular”, e considera que arredor da súa orixinalidade se agrupan outros poetas como Aurelio Ribalta, Lugrís Freire e Vaamonde Lores, “todos eles de xerarquía moi inferior” (Ibidem, p. 26). D. X. Cabana (1993, p. 158) sitúao dentro do “culturalismo”, inaugurado por Pondal e “fortemente arraigado na nosa tradición poética nacional, nesa tradición que se obstinou en ennobrecer a patria con mitos propios nosos e das nacións que decidimos facer irmás”. Anxo Tarrío (1994, p. 157) segue a Méndez Ferrín e Carballo Calero (1981, pp. 472-476) clasifícao entre os epígonos das grandes figuras do Rexurdimento.

*rida*, polo que se facía urxente a elaboración dun modelo lingüístico elevado<sup>3</sup>. No momento en que publica a súa poesía existe xa unha pequena tradición literaria con criterios ortográficos, morfolóxicos e sintácticos aínda bastante caóticos mais suficientes para iren sinalando o camiño<sup>4</sup>. A pesar de que o obrigado silencio de catro séculos impedira a entrada de neoloxismos e de cultismos procedentes do latín e do grego (Forcadela, 1993, p.140), Vaamonde, seguindo a esteira de Pondal, consegue en boa medida os seus obxectivos e a súa lingua literaria resulta sorprendentemente refinada para unha época orfa de gramáticas e dicionarios. Por outra parte, Vaamonde era tamén consciente da necesidade de que o galego fose algo máis ca unha lingua simplemente poética<sup>5</sup>; por este motivo, e dado que os historiadores do XIX escribían a nosa historia en español<sup>6</sup>, publica por entregas unhas breves obras de divulgación sobre a historia, a xeografía e a literatura de Galicia<sup>7</sup> que fan de Vaamonde un pioneiro do ensaio galego. Alén diso, é un dos iniciadores da tradución da literatura universal, labor este aínda hoxe por realizar a pesar de ser un importantísimo elemento de normalización cultural<sup>8</sup>.

<sup>3</sup> Carré Aldao (*Literatura Gallega*, 2ª ed., Barcelona, 1911, p. 92), ó tratar da *escola coruñesa* na cal inclúe a Vaamonde, sintetiza esa tarefa con estas palabras: “Esta labor de reconstitución e unidade ortográfica fué seguida de una detenida e bien estudiada selección de voces, determinando su morfología literaria y evitando el empleo de aquellas otras que tuviesen su equivalencia gallega, lo mismo que de otras dudosas, de mal gusto, groseras y de viciosa pronunciación que algunos escritores poco escrupulosos juzgaban y adaptaban -aun hay hoy quien así lo hace,- como netamente gallegas, sólo por ser pronunciadas por gentes nacidas en la región, como si los errores, barbarismos y defectos en la emisión fuesen belleza y pureza del lenguaje ó como si fuese imprescindible para modelos literarios ir á buscar las frases y vocablos en labios cuanto más rústicos y mal hablados, mejor. Literato hubo que tanto más áspero y bárbaro era el vocablo tanta mayor belleza le disputaba (...). El buen gusto fuera substituído por la chocarrería más desvergonzada: no semejava sino que el gallego no podía ni debía ser empleado más que en asuntos triviales, vulgarísimos y rayanos en la impertinencia, cuando no en la obscenidad (...). Escritores pulcros y atildados, al escribir en castellano, se convertían en verdaderos bufones al usar el gallego, cual si su lengua materna no fuera digna de los mayores respetos”.

<sup>4</sup> En García Gondar (1995) inclúese unha bibliografía moi completa sobre ortografía (pp. 151-158), normativización (pp. 479-493) e galego literario (pp. 522-540). Para unha visión actual da polémica sobre a norma do galego culto vid. Monteagudo (1995).

<sup>5</sup> A finais do século XIX era aínda frecuente a opinión segundo a cal o *rexurdimento* do galego como lingua de cultura non debía sobrepasar o ámbito literario. Como sinala o profesor Alonso Montero (1988, p. 18), “os escritores galegos que de 1875 a 1905 procuran unha norma (cult), procúranos para o dialecto literario (fundamentalmente para o poético), xa que ninguén concibe, (ou propón), nesos anos, por exemplo, o galego na escola”.

<sup>6</sup> A este respecto, Tarrío Varela (1994, p. 186) destaca como “paradigmático o caso de Manuel Martínez Murguía (A Coruña, 1833-1923), quen, a pesar de ter sido un animador incansable da cultura galega e en moita medida responsable da obra de Rosalía de Castro, a penas deixou escrito nada en galego. E o mesmo poderíamos dicir dun Alfredo Brañas Menéndez (Carballo, 1859 - Santiago de Compostela, 1900), dun Benito Vico Pérez (Ferrol, 1824-1878), dun Aureliano Pereiro de la Riva (Lugo, 1855 - Madrid, 1906), que só utilizou o galego para escribir poesía, etc. Terán que pasar moitos anos antes de que o ensaio se pronuncie en galego”.

<sup>7</sup> Como sinala o propio Vaamonde (*Resume da Historia de Galicia*, A Coruña, 1898, p. 7) “é o estudo da historia un dos máis útils para a sociedade. As licións do pasado poden ser de proveitoso insiño para o porvir. Sentíase en Galicia a necesidade de un libro, na nosa fala, que puidese levar á todos o coñecimento, inda que breve, dos sucesos que houbo no noso país”.

<sup>8</sup> Florencio Vaamonde comprendeu perfectamente a necesidade dos galegos podermos acceder á cultura universal a través da nosa propia lingua. No proemio da súa versión das *Odas de Anacreonte* (1897) declara: “O noso idioma carecía da «bella obra das Gracias», e o desexo de dotar co ela á patria literatura moveu-nos a facermos esta humilde traslación, para continuar, se ben con menos competencia, a senda tan nobremente

O seu intento de crear unha lingua literaria depurada de interferencias do español e de fenómenos vulgares padeceu a desvantaxe da inexistencia na súa época dun estudio filolóxico científico que permitise a fixación da gramática e mais do léxico. Deste xeito, Vaamonde, e moitos outros escritores ata épocas por desgracia ben recentes, viuse obrigado a ser tamén filólogo, a pesar de non contar cunha formación especializada que lle permitise resolver sempre acertadamente os múltiples problemas lingüísticos e ortográficos que lle ocasionaba a planificación do corpus<sup>9</sup>.

Con motivo da polémica que enfrontaba ós escritores por aquelas datas, Florencio Vaamonde publica un artigo na *Revista Gallega* de Galo Salinas (nº 65, 1896, pp. 3-4) no cal expón as súas ideas sobre o problema da ortografía da lingua e a cuestión da relación entre o galego e o portugués. Nel descubrimos afirmacións bastante contradictorias, xa que, despois de asegurar que “apesar de todo, son un mesmo idioma o portugués e o galego, salvo a ortografía e algún que outro vocábulo que si desapareceu do galego actual atópase por eso nos documentos antigos”, unhas liñas máis adiante sinala que finaliza o seu artigo reproducindo catro poemas de autores portugueses colocando ó lado “a transladación en galego para que se veja que son comús a os dous idiomas”. A pesar desta contradicción evidente, do exposto nese artigo debemos deducir que para Vaamonde o galego e o portugués son un mesmo idioma, independentemente da ortografía de cada un e mais das diverxencias no léxico. Na súa opinión, “o modo de restaurar o galego” consiste en “alimpalo dos castellanismos que ten, e das voces bárbaras que inventaron os camponeses”, para o cal “debemos aleixarnos tanto do castellano canto debemos nos acercar ao portugués porque as regras da súa gramática son as mesmas que as da nosa”. Alén diso, recomenda “aos nosos escritores o estudo dos antigos documentos galegos, porque na data en que se escribiran o galego estaba cultivado e pulido”, así como a lectura da literatura portuguesa, “a mais rica de entre as dos povos da península ibérica”. Sen embargo, é necesario precisar que, tanto se a súa preferencia polas grafías *g* e *j* se debe a razóns etimologicistas como a un desexo de manter a unidade galego-portuguesa, non se aprecia na súa obra nin na dos autores que compartían o seu criterio “ningunha insinuación dun lusismo ortográfico” (Hermida, 1992, p. 112). A proba disto

trazada co a versión de outros clásicos por Mosquera, Saco Arce e Ballesteros”. A inexistencia dun proxecto sistemático serio de tradución dos clásicos ó galego foi denunciada nas páxinas d’*A Nosa Terra* (nº 264, 1929, p. 2) a través dunha breve nota na cal se sinala que “os cataláns traduciron á súa lingua o tesouro alquitinado dos clásicos. Agora as harpas penduradas *super flumina Babylonis* cantan na lingua de Verdaguer e de Maragall (...). ¿Cando fará Galiza, aínda que sexa humildemente, publicacións semellantes? Os clásicos, a Biblia. A lingua de Rosalía chama por acougalas no seo para se sentir máis madura” (texto emendado). Por outra parte, Vaamonde pretendía que as recomendacións de Horacio na súa *Epistula ad Pisones* influísen positivamente nos escritores galegos que estaban a facer un mal uso da lingua. Como sinala o profesor Alonso Montero (1992, p. 531) “este noso traductor en solitario, é consciente de que ós escritores galegos daquel período cómprelles un espello que estimule actitudes cultas, escolleitas”. Pola súa banda a profesora Noia Campos (1995, p. 46) considera que “un dos obxectivos que pretendía Vaamonde Lores coa publicación das traducións clásicas era mostrarlles ós escritores galegos un estilo literario culto, que puidesen imitar”.

<sup>9</sup> Figuroa Lorenzana (1988, p. 66) pon de relevo o feito de que “en situación diglósica, como di Y. Couderc, ó referirse á situación occitana, «todo escritor occitano é, ó mesmo tempo, gramático e lingüista», e, poderíamos engadir no noso caso, non só todo escritor senón todo lector, como levamos dito”.

encontrámola na versión galega de poemas portugueses con que finaliza o seu artigo e nas cales as formas *lhe, olhar, conhecem, senhora, livre, clarões, ser-vos-ha* aparecen galeguizadas como *lle, ollar, coñecen, señora, libre, clarós, servos ha*. O artigo de Vaamonde constitúe unha auténtica *défense et illustration* da lingua galega na cal predomina o subxectivismo afervoadado sobre o rigor filolóxico científico<sup>10</sup> e sitúao ó lado de Murguía, Martínez Padín e Antonio de la Iglesia, que propuñan unha *identificación sen fusión* co portugués (Hermida, 1992, p. 111).

Para a elaboración deste traballo, que non pretende ser exhaustivo, analizamos un corpus de catro obras en verso publicadas ó longo dun período de vintecinco anos: *Os Calaios* (1894), *Mágoas* (1901), *O Voto* (1907) e *Follas ao vento* (1919)<sup>11</sup>. Prescindi-mos tanto da súa obra en prosa<sup>12</sup> como das súas traducións<sup>13</sup> e mais dos poemas soltos aparecidos en diversos xornais e revistas.

<sup>10</sup> Vaamonde (Ibidem) chega a afirmar que os escritores galegos “deben fugir de toda influencia castellana porque esta corrompe o noso idioma, e ademais a lingua de Castela, non solo non é incomparable como dixo algún senón que é áspera ao ouvido, inchada e anfibológica en extremo. A galega (a pesar do esquecemento en que estivo) aínda vence a aquela en riqueza e dozura, en concisión e clareza. Ademais o castellano e o galego –salvo afinidades de pura procedencia grego-latina– son tan opostas como a auga e o fogo. O galego é mais inversivo, como que se achega mais ao latín, ten unha sintaxis mais lóxica, mais amplitude e riqueza no verbo, e difire do castellano en moitísimas cousas”.

<sup>11</sup> Ó longo deste traballo utilizaremos as seguintes abreviaturas: C = *Os Calaios* (A Habana, Imprenta y Papelería “La Universal”, 1894 [hai unha edición facsimilar en Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1986]), M = *Mágoas* (Lugo, Tipografía de Juan A. Menéndez, 1901), V = *O Voto* (Pontevedra, Imprenta y Librería de A. Landín, 1907) e F = *Follas ao vento* (A Coruña, ¡Terra a nosa!, Suplemento de El Noroeste, vol. 5, 1919). O corpus analizado está constituído por un total de 2.888 versos.

<sup>12</sup> Publicou en trece capítulos un “Resume da Geografía de Galicia”, en *Revista Gallega*, nº 134 a 144, 1897. En forma de volume apareceu *Resume da Historia de Galicia*, A Coruña, Imprenta e Librería de Carré, 1898, dividido en catro libros, dos cales o cuarto constitúe unha breve historia da literatura galega. Unha versión deste texto aparecerá xa con anterioridade en varias entregas: “Résume da Historia de Galicia”, en *Revista Gallega*, nº 128 a 131, 1897, e “Resume da Historia da Literatura Gallega”, en *Revista Gallega*, nº 132 e 133, 1897. Vinte anos máis tarde publica por entregas “Proceso da Cultura Galega”, n’*A Nosa Terra*, nº 66 a 77, 1918-1919, texto da conferencia lida na noite do 24 de febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Coruña da cal foi membro fundador. Foi colaborador da *Revista Gallega* (1895-1907), dirixida por Galo Salinas, d’*A Nosa Terra* (1907-1908), fundada polos rexionalistas coruñeses tras a desaparición da anterior, e finalmente, aínda que só de xeito esporádico, do semanario *A Nosa Terra* (1916-1936) ata o seu falecemento en 1925. Nas dúas primeiras utilizou habitualmente varios pseudónimos (Fulvio Vergodense, Pedro de Aldarete, Xan/Jan/Juan de Ouces, Xan d’o Outeiro, Xan de Lañas, Xan/Jan Silvos de Bouzós, Vicencio de Castro, Domingo de Buño, Carlos Florencio). Escribiu tamén dúas novelas curtas: *Bestas bravas*, A Coruña, Tipografía El Noroeste, 1923, e *Anxélica*, A Coruña, Imprenta Lar, 1925, publicada postumamente.

<sup>13</sup> Entre as súas traducións debemos sinalar as versións en prosa do libro VI da *Eneida* (“Libro VI da Eneida de Virxilio”, *Revista Gallega*, nº 150 a 159, 1898) e da *Epistula ad Pisonem* de Horacio (“Epístola de Horacio aos Písos, sobre da Arte Poética”, *Revista Gallega*, nº 318 a 341, 1901), a versión da primeira bucólica de Virxilio (“Tityre, tu patulae recubans sub tegmine fagi...”, publicada na *Revista Gallega*, nº 190, 1898, pp. 4-5) e as dúas versións da oda II, 16 (“A Grosfo”) de Horacio (“Otium divos rogat in patenti...”, publicadas na *Revista Gallega*, nº 32, 1895, p. 4 e mais n’*A Nosa Terra*, nº 43, 1908, p. 4). Do grego traduciu en verso as *Anacreónticas* (*Odas de Anacreonte*, A Coruña, Imprenta e Librería de Carré, 1897 [existe unha edición facsimilar en Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1986]) e mais publicou baixo o título “Canto patriótico” dúas versións dunha elegía de Calino, erroneamente atribuída na súa época a Tirteo (“Méchris teu katákeis-the...”, publicadas na *Revista Gallega*, nº 51, 1896, p. 5 e n’*A Nosa Terra*, nº 40, 1908, pp. 5-6). Supoñemos que entre os seus manuscritos se debe encontrar algunha tradución inédita, a vulgar pola seguinte nota aparecida na derradeira páxina do seu *Resume da Historia de Galicia* (1898): “En preparación. *Cancioneiro clásico*, traducións de poesías curtas dos mais famosos poetas gregos e latinos”. Unha pista similar aparece na nota que acompaña a versión antes citada da primeira bucólica de Virxilio (*Rev. Gall.*, nº 190, 1898): “Das obras de Virgilio, postas en gallego, proisimas á seren emprentadas”.

Á hora de analizarmos as principais características gráficas da obra de Vaamonde debemos ter en conta, en primeiro lugar, a súa inclinación ó estudio dos textos medievais e o seu interese pola literatura portuguesa. O seu intento de instaurar a separación do pronome persoal átono enclítico por medio do *trazo* procede das súas lecturas de obras da literatura lusa, debido ó feito de ser esta unha innovación relativamente recente dentro da ortografía portuguesa<sup>14</sup>. Non puido pois Vaamonde encontrar o uso do hífen nos textos galegos medievais. Polo que se refire á utilización do mesmo na súa obra poética, Vaamonde é certamente pouco rigoroso e así podemos encontrar nun mesmo verso un caso de pronome separado con trazo e outro de pronome unido directamente ó verbo: alento *daime: concedei-lle* en tanto CI.4.3, para vivo *collel-o* e *castigalo* CIII.4.7. Os exemplos de pronome separado por trazo son numerosos: *servir-vos* CI.26.5, *pon-se* CII.21.4, *foron-me* M30.3, *poderei-me* M5.6, *defendel-o* V36, *arrebatal-o* V41, *protexel-o* V52, *asaltal-os* V63, *saudal-o* F1.27, *parez-me* F4.9, *queixas-te* F5.23, *esquencel-o* F5.53, *oide-nos* F6.33, *saudar-vos* F7.2, *embargan-me* F8.6, etc. Sen embargo, tamén son moi abundantes os casos en que o pronome átono aparece directamente unido ó verbo (excepto en *Follas ao vento*, onde é sistemático o uso do trazo), polo que o seu sistema ortográfico é especialmente incoherente neste punto: *escribilo* CII.34.5, *levádesme* M5.12, *apénanme* M22.13, *hame* M26.14, *levarnos* V127, e incluso *discutilla* CI.22.5 (para poder rimar con *silla* e *maravilla*), etc. Cando aparece unha secuencia de dous pronomes seguidos a solución consiste en separar tan só o segundo: *franxéronse-lle* M2.5<sup>15</sup>.

O sistema complicase aínda máis debido á súa utilización para representar tamén a segunda forma do artigo, convivindo deste xeito nun mesmo poema pronomes e artigos separados por trazo: *deixal-as* armas de seguida / e *esquencer-me* F5.62-6. Os exemplos

Do italiano traduciu dous sonetos da *Vita nuova* de Dante (o nº XXXVII, “L’amaro lagrimar che voi faceste...” e o nº XXXVIII, “Gentil pensero che parla di vui...”, publicados na *Revista Gallega*, nº 77, 1896, p. 5) así como o poema “Miramar” de Giosuè Carducci (“O Miramare, a le tue bianche torri...”, publicado n’*A Nosa Terra*, nº 44, 1908, p. 2-3). Do francés localizamos a versión do poema “Estancias á Malibrán” de Alfred de Musset (“Sans doute il est trop tard pour parler encor d’elle...”, publicado n’*A Nosa Terra*, nº 165, 1922, pp. 4-5) e unha versión do poema “Jours d’hiver”, tirado do libro *Choeurs d’Orphéons* do músico e poeta francés Laurent de Rillé (*Revista Gallega*, nº 205, 1899, p. 3). Do portugués traduciu catro poemas de Camões, Barbosa du Bocage, Almeida Garret e Bulhão Pato respectivamente (*Revista Gallega*, nº 65, 1896, pp. 3-4) e o artigo “O Centenario d’Almeida Garret (1799-1899)” de António Padula (*Revista Gallega*, nº 209 e 210, 1899, pp. 2-3 e 3-4 respectivamente). Do catalán deixounos unha versión da canción popular “Els segadors” (*Revista Gallega*, nº 223, 1899, pp. 4-5) e do poema “Flors del Xuquer” de Francisco Badenes (*Revista Gallega*, nº 135, 1897, p. 6). Tamén traduciu o poema en bable “O neno enfermo” de José Caveda y Nava (*Revista Gallega*, nº 224, 1899, pp. 5-6) así como “Na pradeira”, orixinal de Indalecio Varela Lenzano (*Revista Gallega*, nº 306, 307 e 308, 1901, pp. 3-4, 2-3 e 3 respectivamente).

<sup>14</sup> Costas González (1988, p. 193) sinala que “como este rasgo ortográfico é recente en portugués, nunca existiu no galego-portugués medieval e tampouco no galego. O ‘uso antigo’ non esixía trazo”.

<sup>15</sup> Encontramos un exemplo illado no cal separa con trazo non un pronome persoal átono senón un morfema de primeira persoa de plural ó confundilo coa concorrencia das formas *me* e *os*; sen embargo, no verso seguinte reaparece ese mesmo morfema verbal coa súa grafía correcta: *retorna-mos* ao fin, e o mesmo día / de *chegar-mos* á patria F5.43-44.

de representación da segunda forma do artigo son abundantísimos nas catro obras analizadas: *sin sabel-o* que era unha refrega / *pol-o* inglés á batalla provocado CII.13.3-4, non podo *sofrel-o* gran tormento M11.7, *pol-a* noite fecha V160, *ul-os* altares F4.19, etc. No paradigma do futuro encontramos nunha ocasión unha curiosa grafía con trazo: *librar-hanse* M15.38. Finalmente, encontramos o trazo nun exemplo de perífrase haber + infinitivo: *satisfacerlle-ha* CIII.25.8.

O uso do **apóstrofo** resérvao para indicar a contracción das preposicións *con* e *de* co artigo, co demostrativo, co indefinido ou co pronome persoal: *c'o* M18.12/F1.66, *c'os* M3.29, *c'oa* V198, *co'as* F1.22/F1.52, *d'unha* M6.19, *d'ela* M16.14, *d'elas* M4.18, *d'este* V177, *d'esta* V146/F5.39, *d'ese* M25.30, *d'esa* 16.16, *d'aquel* F5.113, *d'outro* F5.93 (mais nunca coa preposición *en*: *no* V182, *neles* M4.18, *naquel* V191, *noutro* F5.102, *nesto* F5.136, nin coas contraccións de *de* cos artigos e co demostrativo: *do* V182, *daquela* F1.107, etc.). Tamén o utiliza en casos como *no'é* F5.88, *n'atopaba* V190, etc.<sup>16</sup>.

Encontramos moitos exemplos de representación da sinalefa por medio do apóstrofo, sobre todo coa preposición *de* e a conxunción *que*: *qu'en* M16.20/V100, *qu'eles* M17.7, *qu'este* M29.21/V95, *qu'heróica* M18.46, *qu'estou* V174, *d'ardentes* M7.8, *d'Ouces* M5.1, *d'auga* M5.4, *d'águia* V154, *d'enton* V128, etc.

Nas oitavas d'*Os Calaicos*, sen embargo, prescindiu por completo do uso do apóstrofo<sup>17</sup>, de maneira que a sinalefa non aparece graficamente marcada: *de ocupar de este reino fidelismo* CIII.21.4, *e que cruce de unha en outra zona* CIV.7.7, etc. Nesa obra rexistramos un caso único en que a sinalefa se representa pola crase de dúas palabras (*o trono, desdo cal mellores días* CIII.21.5). En F3.51 achamos un caso análogo, debido á crase da preposición *de* e o pronome persoal átono *a*: *despois da defendere*.

Polo que respecta á **acentuación**, constatamos unha certa incoherencia no uso do acento gráfico: *sublime* CI.5.8/*sublimes* CIV.6.2, *chéas* CII.22.8/*chea* CII.38.2, *cheos* CII.39.7, etc. A terceira persoa do singular do presente do indicativo do verbo *ser* pode aparecer con tres acentos diferentes: *ê* CIV.32.4, *è* CI.1.6/IV.19.8/M3.19 e *é* M4.16/F1.119, etc. Diferénciase así da conxunción *e* CII.37.2/M3.3, etc. que non se acentúa. O acento gráfico pode ter valor diacrítico en casos como *dá* (3ª p. do sing. do pres. do indic. do v. *dar*) CII.34.6/M9.50/F5.101, etc. que se diferencia da contracción da preposición *de* co artigo determinado feminino singular *a*: *da* M3.2, etc., ou *pára* (3ª p. do sing. do pres. do indic. do v. *parar*) CII.31.1, etc. que se distingue da preposición *para* CII.32.1, etc. Tamén diferencia habitualmente *féros* [pl. de *fero*] CII.15.5/M17.4 e *ferós* [*feroz*] CI.18.5/I.28.1/V283/F7.32 (mais *os feros* M12.10/F5.6). Sen embargo, non sempre utiliza axeitadamente as posibilidades dos acentos diacríticos e así encontramos unha constante indiferenciación das formas tónicas e átonas do pronome persoal: *nos* (tónico) V120 e *nos*

<sup>16</sup>No poema *O Voto* encontramos *qu'en* V130 para representar o relativo *quen*. Tal vez se trate dunha errata da edición, xa que poucos versos antes esa grafía representa unha sinalefa: *qu'en* V100 (conx. *que* + prep. *en*).

<sup>17</sup>O apóstrofo aparece tan só nunha ocasión e serve para representar unha segunda forma do artigo: *¡A quen contal'a / desastrosa, terrible desventura...* CIII.31.6-7.

(átono) V123, etc. Polo demais, o acento agudo indica a sílaba tónica das palabras propároxítonas (*insólitas* CI.3.7, *náutico* F10.57, *pátria* M9.12 mais *patria* CII.6.6, *ánsias* M2.8 mais *ansias* F11.62, *mágoas* M2.8, *bágoas* M2.9, *héroe* F9.11, *acólle-me* F8.46, etc.), paroxítonas terminadas en consoante distinta de *n* ou *s* (son excepciónais: *paxáros* F1.35, *pajáro* CI.13.8, *aréa* M27.5, *cúmes* M28.1, *impía* F9.20, *laído* F11.39, etc.) e oxítonas terminadas en vocal, ditongo ou consoante *n*, *s*, *l*, e *r* (*naciós* CI.2.5, *audás* CI.1.3, *cristián* V87, *consolador* M12.18, *pracér* M15.34, *ferir* CII.37.4, *fatál* M16.16, *natural* M21.12, *aquél* CII.37.4, *crudél* M1.13, *cruél* M15.32, *virtú* CI.1.6, *atopéi* V130, *andéi* V224 mais *andei* V114, *sentirá* F10.60, *alí* V35, *fé* V141, etc.). No seu sistema gráfico non se marca a vocal tónica que constitúe o núcleo silábico en casos como *recua* (3ª p. do sing. do pres. do indic. do v. *recuar*) CII.29.7, *crua* CII.29.8, *sua* CII.35.8, etc. Tende a acentuar a preposición *a* para diferenciala do artigo determinado feminino singular *a* (*servir á toda a xente* CI.3.4, *á roubarnos* M15.35, *á un tempo* F8.3, etc.). O acento circunflexo resérvase para indicar a contracción desa preposición con ese mesmo artigo (*á vista* CII.15.6, *á terra* M21.2, *á cova* M15.44, *á guerra* F5.40, *á vida* F9.36) e mais a crase de dúas vocais (*crêndose* CI.14.5 [mais *creentes* F6.22/6.45 e *crêntes* F6.74], *dôr* CIV.18.4/ V83/301, *pôr* M16.6, *dô* M20.8, *pô* M21.1 [mais *poo* F4.24], *âs* M30.23 [mais *aas* F1.64], *côres* F1.23 [mais *cor* CII.38.7], etc.).

Utiliza a **diérese** para indicar o cómputo de dúas sílabas cando hai que pronunciar separadas dúas vocais en ditongo; apreciamos este fenómeno sobre todo na medida dos hendecasilabos d'Os *Calaicos*: *gloriosas* CI.2.3, *rabioso* CI.10.4, *armonioso* CI.12.3, *obedientes* CI.26.2, *impaciente* CI.27.6, *Albión* CII.4.1, *cristiano* CIII.7.8, *furiosos* CIII.10.3/III.18.8 (mais *furioso*) CI.10.2, *patriota* CIII.13.3, *radiantes* CIV.2.2. En *Mágoas* hai un caso: *saüidades* M16.12. Ocasionalmente encontramos este uso en palabras nas cales as vocais en contacto non constitúen ditongo: *cëo* CI.27.5 (mais *ceo* V92 e *ceu* F6.24), *chäo* CII.13.5, *cöa* CIII.24.7, *Liëo* CIV.2.6, *brüando* M3.11. No caso de *süa* CIII.16.5 a diérese indica que a vocal que constitúe o núcleo silábico non forma ditongo coa vocal posterior. Sen embargo, como xa se indicou con anterioridade ó tratarmos da acentuación, o habitual neste tipo de casos é non encontrar na poesía de Vaamonde ningún signo gráfico que indique esta circunstancia: *sua* CIII.26.6, etc. Hai un caso illado no cal este signo parece indicar o grao de apertura da vocal posterior media fechada: *töro* CI.11.8 (mais en *Follas ao vento*: *toros* F7.10).

O uso de certas letras do **alfabeto** (*b*, *v*, *h*, *y*, *g*, *j*, *x*) merece tamén algún comentario. A alternancia das grafías de *b* e *v* ocasiona algunhas incoherencias no seu sistema gráfico por carecer o galego dun fonema labiodental sonoro (Rivas Cid, 1990, p. 156): *bermello* CII.38.8/*vermello* CII.20.5, *pobo* CI.1.1/III.7.3/IV.18.5/M11.12 e *despoboadas* M28.4/*povo* CIV.10.3, *probas* (subst.) CIV.25.5/*provas* CIV.15.6 e *provado* CII.13.2, *asovallado* CIII.29.8/*asoballado* F6.38, *subiando* CII.1.2/*asuvia* F5.95, *soberva* (adx.) M3.3/*soberba* CI.8.5, *trovós* CIV.11.3/*trobós* M7.30, *ovellas* F5.92/*obellas* F7.42. Noutros casos cómpre sinalar a discordancia da grafía utilizada respecto da etimoloxía do

vocábulo: *avalanza* CII.33.4, *herva* F1.32, *bever* F5.17, *votas* CI.16.3, *votan* CII.25.2, *votando* CII.27.8 (todos eles do verbo *botar*), *laberca* CI.12.4, *cobarde* CII.19.6, *estiben* M10.1, *abós* V285 e *abôs* F4.14. Danse casos nos cales *b* e *v* serven para a diferenciación de palabras homófonas: *ban* (*talle, cintura*) M10.5 diferénciase de *van* (do v. *ir*) M18.15 e *van* (adx.) M29.1; a forma galega *vello* V188 / *vella* CII.7.7, *vellas* V69 (do lat. VETULUM) distínguese do españolismo *bello* CI.33.8/M9.24 / *bella* M3.16 (do lat. BELLUM, -AM); o adverbio *ben* M29.6 (ás veces escrito con *v*: *ven* V221) opónse a *ven* (do v. *vir*) M25.30.

En contadas ocasións a utilización do *h* non se axusta á etimoloxía do vocábulo (*armonioso* CI.12.3, *arpas* M13.27 e *hirmás* CIV.12.2), mais o habitual é que se cinxa ó étimo (*honrados* M15.30, *inhóspito* M25.21, *hostes* V27, etc.). N' *O Voto* encontramos *ones-tísima* V230, probablemente errata. Tamén hai que sinalar a ortografía de *Hespaña* CI.10.1/I.17.1/I.26.2, etc., forma que parece facer derivar do latín HISPANIA (Vilaboi, 1991, p. 172 e Ferreiro, 1995, p. 172). Polo demais, o *h* aparece tras do *n* para representar o fonema consonántico nasal velar: *unha* CII.13.3/F10.5, *unhas* V194, *algunha* M13.10, etc.

Polo xeral prescinde completamente do *y* e utiliza sempre o *i*: *Maior* CII. 19.7 (mais *Mayor* CII.31.1 e *Payo* CIV.17.8), *Soutomaior* CIII.9.5, *rei* CIII.7.8, *ai* M3.23, *raios* M6.18, *maior* M9.6, *lei* M16.16, *lei* F2.11, *boi* F4.48. N' *O Voto* é onde encontramos unha maior frecuencia de uso do *y*: *apoyado* V187, *tramoyas* V104, *muy* V87 e 236, *preveyos* V14, *rayola* V49 (mais *raiola* F1.30), *ay* V73, etc.

O uso de *g*, *j* e *x* para a representación do fonema consonántico fricativo prepalatal xordo foi unha das cuestións que máis polémica orixinou a finais do século XIX (Her-mida, 1987, pp. 299-316 e 1992, pp. 189-194). A pesar de que na obra de Vaamonde observamos unha constante alternancia na súa utilización, segundo os criterios lingüísticos por el expostos no artigo anteriormente citado debemos deducir a súa preferencia polas grafías *g* e *j*<sup>18</sup>. Sen embargo, nas obras en que opta por utilizar estas últimas observamos incoherencias debidas nuns casos ó feito de escribir unha palabra cunha grafía que non lle corresponde e noutros á utilización de dúas grafías diferentes para un mesmo vocábulo. As equivocacións son relativamente frecuentes, ben por descoñecemento da etimoloxía precisa da palabra, ben por non responderen estas a unha diferenza fonética no galego moderno. Así, n' *Os Calaiços* e mais en *Follas ao vento*, obras en que adopta como criterio a utilización do *g* e do *j*, encontramos grafías que non responden á

<sup>18</sup> Polo que se refire ás obras consultadas para este traballo, utiliza as grafías *g* e *j* nas seguintes: *Os Calaiços* (1894), *Odas de Anacreonte* (1897), *Resume da Historia de Galicia* (1898), *Follas ao vento* (1919). Nas súas traducións de Horacio (1901) e Virxilio (1898) e nas novelas *Bestas bravas* (1923) e *Anxélica* (1925) rexistrámonos sempre o uso do *x*. Nos poemas soltos orixinais e traducidos así como nas súas colaboracións na prensa tamén alternan estas grafías ó longo de toda a súa vida. Nalgúns casos poderíase sospeitar incluso que os textos que orixinalmente presentaban *g* e *j* chegasen a ser adaptados seguindo o criterio da revista ou da editora. Así, por exemplo, na tradución da *Epistula ad Pisonem* de Horacio, na cal sempre se utiliza a grafía *x*, encontramos de súpeto a palabra *giro*, en clara contradición co criterio que se está a empregar (*Revista Gallega*, nº 319, liña 12, p. 3). Sería necesaria unha análise exhaustiva dos manuscritos do autor para chegar a unha conclusión definitiva, tarefa esta que sobrepasa os límites desta breve aportación.

etimoloxía da palabra tales como *geitos* CI.6.5 (lat. IACTU, port. *jeito*), *fijo* CI.20.4 (lat. FIXU, port. *fixo* [ks]), *salvajes* CII.7.3 (lat. SILVATICU, port. *selvagem*, fr. *sauvage*, prov. *salvatge*, esp. *salvaje*), *viaje* F3.48 (mais *viage* F9.46, port. *viagem*, fr. *voyage*, esp. *viaje*), *viajeiro* F9.23 (port. *viageiro*, esp. *viajero*), *xugo* CII.20.1/3 (lat. IUGU, port. *jugo*), *manxares* CIV.2.4 (port. *manjares*, cat. *menjars*), *carraxe* CII.6.2 (do fr. *courage*, port. *coragem*), *oxiva* CIII.29.3 (do fr. *ogive*, port. *ogiva*). Noutros casos a grafía si responde á etimoloxía da forma: *gerou* CI.1.7, *fugiu* F1.47, *fugidizo* F1.68, *prodigiosas* CI.2.1, *gente* CI.3.4/III.2.6, *ingentes* CIV.11.8, *geracion* CIV.10.6, *religión* F10.17, *longe* F1.5, *juventú* CI.5.1, *jura* CIII.4.3, *desejo* CIV.4.6, *ajudas* CIV.19.3, *beijaba* F8.12, *rejo* F3.18, *reja* F6.11 (mais *rixo* F5.21), *jornada* CIII.5.5/F2.41, *axotas* (do v. *axotar*) CI.16.1, *queixas-te* F5.23, etc.

Ó non seguir sempre o mesmo criterio ortográfico, prodúcese unha desconcertante duplicidade de grafías dunhas obras a outras, de tal maneira que se orixinan parellas do tipo *rajeira* F2.23/*rageiras* F10.14, *agiña* F1.26/*axiña* M12.14, *gente* CI.3.4/III.2.6, etc./*xente* M2.14, *geitos* CI.6.5/*xeito* V102, *Virge* F6.26/*Virxe* V258, *hoje* CI.16.4/F4.15, etc./*hoxe* M7.27, *Jove* CII.4.7/*Xove* M25.27, *ja* CI.29.3/II.3.1/F1.44, etc./*xa* CI.26.4/M1.3/V202, etc., *pujanza* CII.14.1/*puxanza* CII.35.7/II.37.1, *jefe* CI.26.1/*xefe* CII.9.2, *aldraje* CI.1.5/*aldraxe* V76, *fijo* CI.20.4/*fixo* F5.76, *nojoso* F5.79/*noxoso* M5.6, *desejo* CIV.4.6/*desexos* V248 e *desexado* M8.14, *vejo* F1.49/*vexo* M11.12, e incoherencias de criterio do tipo *ja vexo* CII.3.1 dentro dun mesmo verso.

Finalmente, hai que salientar que o seu coñecemento da lingua medieval repercute na recuperación de **arcaísmos gráficos** que xa non responden a unha realidade fonética. Entre elas podemos sinalar as grafías que recuperan o grupo latino *-sc-* (*pareisce* CII.23.6, *parescía* CII.18.4, *nasceu* M19.2, *nasceron* M18.27, etc.) ou que restablecen dúas vocais contraídas por crase (*poo* F4.24). A tendencia latinizante ponse de manifesto na ortografía dalgunhas voces (*chamma*, lat. FLAMMA, V117, mais *chamas* CII.15.7).

A respecto dos **signos de interrogación e admiración**, podemos achar nunha mesma obra casos en que tan só aparece o signo final e casos en que aparecen os dous: *Ti descansado dormes? / Qué fas? A un ocio vil así te rendes?* M25.12-13, *¿Qué foi d'aqueles (...) pra insiñarnos?* M21.13-15, *¿Onde van (...) de memoria?* M21.16-18, *Iñavo!* M25.14, *joh pobo!* M25.11, etc.

### 3. NIVEL FONÉTICO

#### 3.1. Vocalismo

##### 3.1.1. Vocalismo tónico

No caso dos grupos latinos *-ULT-* e *-UCT-* escolle sempre resultado con ditongo *oi*, salvo na forma *mui* CIII.14.4, etc.: *moito* CIV.1.7, *loita* CIII.12.3/V195/F10.41, *loitar* CII.10.4,

*loitas* CIV.8.3, *loitan* CII.10.7, *coitado* CIII.31.1, *escoitan* CII.10.8. Hai algunha excepción como *fruitos* M9.25. No caso de COGITARE o resultado elixido é *cuidar*: *cuidaban* CII.1.8, *cuidara* M4.6, *cuida* V169, *cuido* F11.11, *cuidado* F5.93, *cuidoso* M5.7, *cuidosos* CII.9.2, etc.

### 3.1.2. *Vocalismo átono*

Entre as alteracións do vocalismo átono propias do rexistro popular hai que sinalar a disimilación e a asimilación. A **disimilación**, por exemplo por labialización da vocal en contacto con *-m-* (*somellante* CII.16.2), está escasamente representada na súa poesía. A presenza de vulgarismos produto da disimilación é moi habitual no galego literario deste período (Ferreiro, 1995, p. 196 e Álvarez *et alii*, 1989, p. 23), mais non o é en absoluto na obra de Vaamonde debido á súa preocupación polo cultivo dun galego refinado. Achamos máis exemplos, non moitos, de **asimilación**, moi frecuentemente por harmonización vocálica, que é o caso de asimilación máis frecuente na lingua falada (Ferreiro, 1995, p.192): *clubiza* CI.25.6/I.35.3/II.20.2 (e derivados formados sobre a forma con harmonización: *clubizoso* V133, *clubizado* V138 que conviven con *clubiza* CI.8.5 e *clubizosa* CI.7.6), *mentidos* M4.10 (e derivados de *mentir* como *mentireiro* M21.24), *veciñas* M24.2, *ispida* F7.9, *nibueiro* V48 e o españolismo *invidia* CII.32.3. Tamén se observan outras vacilacións tanto en posición pretónica (*cimiterio* M26.3, *xuguete* M9.7, *pasian-do* M27.2, *relocente* M29.5) como postónica (*exérceto* II.12.2).

Os **metaplasmos** producidos pola debilidade do vocalismo átono na lingua popular son aproveitados por necesidades da métrica para obter unha sílaba máis ou unha sílaba menos nos seus versos:

a) podemos enumerar abundantes exemplos de cambios debidos á **adición** de fonemas:

**prótese**: *aquebranta* CII.23.5, *atambores* CII.24.7, *arrodea* CII.25.8, *apresenta* CII.26.7, *apresentas* M13.8, *alostregan* CII.30.5, *amostrarlle* CIII.25.7, *amostando* V77, *ademostras* V92, *ademostraba* F1.18, *amostras* V94 (mais: *mostras* V90, *mostraron* CIV.8.3), *abóveda* M6.6, *abóvedas* CIV.5.4/30.4 (mais: *bóveda* F8.17), *asoprando* M2.5, *asopro* F1.113 (mais *sopros* F6.19), *alevantara* M9.6, *arrempuados* V7, *arroubando* V136, *arroubaran* F1.12, *apercibo* F11.33; **epéntese**: *oferecen* M15.27, *peleando* CIII.12.3, *feia* CI.25.5, *soio* M4.3/15.24 (mais *só* M13.27 e *sô* M19.4), *seio* M6.17, *a reio* M20.1 (mais *á reo* M21.14), *veio* F2.44 (mais *veo* CII.3.8), *cadeias* F3.35 (mais *cadéas* M25.33); **paragoxe**: *felice* CI.5.6, *dirigire* CI.23.2, *destruire* CI.23.4, *urdire* CI.23.6, *guerrear*, *causare* CI.25.7-8, *enterare* CI.27.2, *dormire* CI.33.5, *levare* CII.21.5, *golpear* CII.37.4, *completare* CII.37.2, *deseare* CII.37.6, *lidece* CIV.2.2, *Melchore* CIV.13.2, *podere* CIV.24.4, *terrore* CIV.11.2, *fluxire* M21.37, *rachare* V47, *atopare* V157, *ire* V231, *defendere* F3.51, *rebuldare* F7.12, etc.

b) Hai tamén exemplos numerosos dos producidos por **subtracción** de fonemas: **aférese**: *legría* CI.27.7, *subiando* CII.1.2, *tropellados* CII.36.8, *inda* CII.19.4/V19/F10.46, etc., *esfeito* CIII.29.4, *loumiñeiro* CIV.5.5, *estrozarán* CIV.11.8, *estrozando* CIV.16.5; **síncope**: *pra* CI.3.4/III 14.7, *podrosa* CI.7.3, *esparxen* CI.13.4, *esparguidos* CII.15.4, *croa* CI.16. 4, *croas* CIV.9.5, *crona* CIV.25.2 (mais: *coroas* F7.50, *coroados* F9.2), *Cruña* CIII.1.7, *cruñés* CII.12.1, *cruñeses* CI.18.2/II.1.8, *cruñesa* CIV.7.6, *cruñesas* CI.36.8 (mais: *coruñeses* CII.24.6/25.3), *espranza* CI.20.3/II.12.7 (mais *esperanza* F6.58), *esprito* CI.32.6/II.11.4, *despareceu* CI.19.3, *desperado* CII.13.6, *desperados* CII.11.5, *temprados* (por *temperados*) CIII.3.1, *pro* CII.21.8/III.13.3, *imigo* (por *inimigo*) CII.29.6/III.20.6, *imigos* CIV.29.4, *atmosfera* CII.22.7 /III. 29.8, *vreda* CIV.17.6; *albre* V183/210/F1.32, *albres* M22.1/30.1/F7.1 (mais *árbores* F8.9, *albores* V156, *arboredo* CII.1.2. **apócope**: para o caso de *-tude>-tú*, *-tade>-tá* e *-dade>dá* remitimos ó apartado sexto correspondente ás interferencias do español.

c) Polo que se refire ós cambios por **transposición** de fonemas, hai que subliñar o seu rexeitamento das formas populares en que actúa a **metátese**, das cales non se rexistran exemplos na súa lingua literaria.

### 3.2. Consonantismo

#### *Grupos consonánticos*

##### *a) Tautosilábicos*

No caso dos grupos latinos BL, CL, FL, GL e PL opta, como Pondal (Ferreiro, 1991, p. 57), pola solución semiculta con rotatización da consoante líquida do grupo: *esprica* CI.22.3, *asambrea* CI.22.4, *contempran* CII.16.2/*contempra* F9.41, *craro* CIII.25.7, *ingreses* CIV.12.4, *escrarcido* CIV.18.6 (mais *esclarecidas* CIV.22.7), *espréndidas* M11.9, *sembrante* V196, *subrime* F1.36 (mais *sublimes* CIV.6.2), *dobren* CII.17.6, *redobra* CI.32.4, *nobre* CIII.15.1/*nobres* M9.2, *frotas* CIV.11.8, *praias* CIV.11.7, *pracenteiros* CIV.30.2, *brando* M8.5/*brandas* CIII.26.3, *pranto* M14.3, *sopro* V211/F6.19, *cumpra* V99, *prateada* F1.108, etc. É especialmente significativa a rotatización sistemática do sufixo *-ble*, afastándose neste aspecto tanto do español como do portugués. Non se rexistra, por tanto, no corpus analizado ningún caso no cal este sufixo reciba o tratamento *-vel* ou *-bel*: *imposibre* CII.16.6, *horribre* CII.18.5, *terribre* CIII.31.7, *amabre* M12.2, *agradabres* M12.4, *mudabre* V84, *invisibre* F1.58, *insondabre* F2.26, etc. Finalmente, hai exemplos de tratamento culto dos grupos con mantemento do *-l-*: *flores* CIII.18.3, *gloria* CI.1.6/M11.13, etc. (mais *gorrias* F8.37), *gloriosas* M25.23, *glorificou* F 4.34, *resplandores* CI.11.2, *plácidos* CIII.3.3, etc.

Polo que se refire ó grupo *-ns-*, encontramos casos nos cales se conserva o grupo culto (*inspirado* CIV.6.3, *inspiración* CIV.9.4, *inspiras* M30.24, *instrumento* CIV.6.7, *instrumentos* F4.49, etc.) e exemplos en que se simplifica por desaparición do elemento nasal (*mostros* CII.2.5, *costante* CIII.28.5/F10.51, *costantes* V118, *costancia* CIV.10.7,

*incostancia* M9.8, *istante* V207/F10.35, *istintos* M9.19/28.11, *traspasado* CIII.30.1, etc.).

#### b) Heterosilábicos

O grupo *-kt-* recibe diversos tratamentos na obra de Vaamonde; nalgúns casos mantense o grupo culto (*conducta* CI.9.5, *nocturno* M6.1), noutros elimínase a consoante oclusiva velar xorda (*objeto* CII.20.2, *vitoria* CII.36.1/F5.50, *vitorias* M11.9, *invitos* CII.25.3, *aflitos* V4, *senetude* M9.35, *frutua* M9.15, *espetáculo* F6.69, *delito* F7.45) e finalmente en certos casos vocalízase a consoante implosiva (*predileito* CIII.16.2, *predileita* M13.16, *aspeito* M13.23/25.22 [mais *aspecto* F2.3], *proieutos* CI.27.4), creando novos ditongos por pretender darlles o tratamento das palabras patrimoniais (*satisfeita* CI.20.7, *deleita* CI.20.8, *loita* V195, *noite* F1.103, *frutos* M9.25, *benfeitora* M13.13, *peito* M24.10, *leito* M15.26, etc.). Este tipo de vocalización obsérvase tamén noutros exemplos illados pertencentes a diversos grupos heterosilábicos: (*-bs-*) *aisorbe* M6.23, (*-cc-*) *aiciós* CIV.19.5, *proteición* M6.15/V 93, (*-pc-*) *esceición* V73. Tende tamén a simplificar o grupo *-gn-* eliminando a consoante oclusiva velar sonora como sucede nos vocábulos semicultos (*dinos* CII.6.8/M21.15, *indinos* M18.24, *dina* CIV.9.2, *inorados* CIV.16.1, *benina* V 94/172, *incónita* F 2.35, *indinación* F 4.4). Sen embargo, tamén observamos a presenza de exemplos en que aparece a consoante nasal palatal (*iñavo* M25.14, *iñoras* M12.9) tal e como sucede en palabras patrimoniais como *leño* (lat. LIGNU) ou *año* (lat. AGNU). Pola contra, noutros grupos de *consoante + n* a tendencia predominante é a conservación do grupo culto: así por exemplo nos grupos *-mn-* (*himnos* CIV.6.8, *Omnipotente* M21.30, *solemne* V234 [mais *colunas* CII.7.1]) e *-nn-* (*perenne* F1.84, *innobre* CIV.16.6, *innobrememente* F3.45, *innúmera* F 9.34). De igual xeito sucede no caso de *-nm-* (*inmensa* V 185, *inmenso* F2.26, *inmóvil* F 1.57).

#### c) O grupo *-ks-*

Pode ser tautosilábico ou heterosilábico e as solucións que encontramos nas catro obras analizadas van desde a conservación do grupo culto (*experto* CI.36.3/IV.23.5, *experta* CI.5.3, *extrano* CI.6.6, *excelsas* CI.4.2) ata a vocalización en *-i-* do elemento oclusivo velar xordo (*eisageras* F5.22, *eisecrabre* F7.38, *refleusiós* CI.19.8) pasando pola simplificación semiculta do grupo (*esaltada* CI.3.2, *escitando* CI.12.3, *escelentes* CIII.9.5, *esperencia* M14.7, *escelsa* M18.4, *estremo* V171, *estensión* V184/F1.92, *estendida* F10.20, *estrana* F5.131). En F1.34 utiliza a forma *isento*<sup>19</sup>.

Polo que se refire ó **seseo**, Vaamonde optou polo criterio sistemático de representar na escrita o seseo posnuclear característico da súa zona, mais só cando este se dá en posición final de palabra, como sucede tamén nos casos esporádicos que se encontran na

<sup>19</sup> Para a etimoloxía de *isento* vid. Ferreiro, 1995, p.78. En CIV.18.6 encontramos *exprendente*, forma na cal utiliza por descoido o grupo *ex-*. O étimo de que procede é a palabra latina SPLENDENTE, a cuxo *s-* líquido inicial se lle engadiu a vocal de apoio *e-* (vid. Ferreiro, 1995, p. 157). En M6.6 aparece, sen embargo, *esprendente* e en M18.13 *espréndida*. En CI.11.2 utiliza a forma *resplandores*.

poesía de Pondal (Ferreiro, 1991, p. 58)<sup>20</sup>: *audás* CI.1.3 (mais *audaz* CIV.9.3), *falás* M9.20, *felís* CI.29.5/M21.31/V249/F3.47, *infelís* CIII.23.4/V149, *ferós* CI.18.5/II.5.2/V283/F7.32, *pas* M 9.18 (mais *paz* F6.62), *lus* CI.31.6/M6.19 (mais: *luz* F1.54), *crus* M30.28, *ves* M7.13/V284 (pl. *veces* V25) oponse a *vés* V295 [2ª p. s. do pres. do indic. do v. *vir*], *vos* M16.7 [que non se diferencia graficamente do pronome persoal] (mais *voz* F7.43), *alferes* CII.35.5, *vellés* F7.18, *rapidés* V16. A representación do seseo nesta posición afecta tamén ós topónimos e mais ós apelidos: *Allarís* CIII.16.3, *Vasques* CIV.14.2, *Gonzáles* CIV.23.1, *Méndes Núñez* CIV.28.5, *Sanches* V101. O único caso de seseo posnuclear en posición distinta da final é *mesgra* F6.17. Finalmente, hai que indicar a presenza n' *O Voto* de dous exemplos de seseo prenuclear, feito único na súa poesía: *desgrasia* V212 e *andasio* V282.

A **gheada** non aparece nunca representada por escrito na súa obra polo que debemos considerar que rexeitaba a súa utilización na norma literaria culta, debido á pexorativa connotación que se asocia a este fenómeno fonético.

#### 4. NIVEL MORFOSINTÁCTICO

##### 4.1. Substantivo

Dentro da **categoría de xénero** rexistramos diversas interferencias do español que se enumeran no apartado sexto. Respecto da **categoría de número** é preciso subliñar que, no caso das palabras terminadas en *-n* e en *-l*, Vaamonde opta polo plural en *-s*, propio do bloque central<sup>21</sup> (*dós* CIV.8.7, *bes* CIII.28.7, *clarís* CII.10.1/*crarís* M7.9, etc. [ocasionalmente encontramos plurais en *-ns* como *dons* M3.15, *botíns* CI.24.7, *xardíns* M5.1, etc.], *comensás* CIV.3.2, *siñás* M20.7, *baixés* CI.31.7, etc. [podendo rexistrarse algún plural en *-es* como por exemplo *vendabales* CIV.11.3, *areales* CIV.11.5, etc.]). Obsérvase illadamente tamén algunha forma hipercaracterizada (*leises* M26.8/F5.65).

No bloque central, o resultado das terminacións latinas *-ANES* e *-ONES* foi *-as* e *-os* respectivamente. Este sistema, característico da fala de Ouces, é o que encontramos na poesía de Vaamonde: *cás* F3.2, *varós* CI.2.2/V190, *naciós* CI.2.5, *torreós* CI.18.2, *refleusiós* CI.19.8, *cañós* CI.28.7, *corazós* CI.30.3, *escuadrós* CII.5.4, *liciós* CII.13.7, *maldiciós* CII.28.3/F9.30, *leós* CIII.8.4, *aiciós* CIV.19.5, *trobós* M7.30, *pasiós* M9.52/ V18, *grilós* M15.8/F4.56, *tradicións* M25.15, *peós* V60, *oracións* V65, *enxadós* F4.46, *paredós* F9.3, *salós* F9.27, *crepsós* F9.42, *ichós* F10.28. A forma *razoes* CIII.27.1, que encontramos nunha única ocasión, pode explicarse como un intento de aproximación ó portugués.

<sup>20</sup> Para a xeografía do seseo así como para o seu tratamento nas gramáticas, nos dicionarios e mais na literatura vid. Fernández Rei, 1990, pp. 189-213.

<sup>21</sup> Segundo a clasificación establecida por Fernández Rei (1990, p. 106 e seguintes) a fala da terra de Vaamonde pertence á microsubárea das Mariñas (bloque central, área central de transición, subárea occidental).

O resultado das terminacións latinas *-ANUM/-ANAM* foi na súa zona *-án* para os dous casos nas palabras patrimoniais e esa é a forma que rexistramos na súa poesía: *irmán* (masc.) F7.37, *irmán* (fem.) M3.19, *cristián* V72, *mañán* V206, *chan* V184/F2.4, *van* CIV.16.8/M14.12/V192/F1.53, etc. Para as terminacións do plural *-ANOS/-ANAS* o resultado foi *-ás*, que tamén preferiu na súa poesía: *más* V41/F3.42, *afás* M16.11, *capitás* (masc.) CIV.1.1, *hirmás* (masc.) CIV.12.2 e *irmás* (masc.) M25.32/F3.6, mais excepcionalmente *irmaos* M3.23 e *irmáns* (masc.) V5. Nas formas cultas achamos as terminacións *-ano/-ana*: *inhumano* V54/F7.46 (mais *humán* F7.52), *humana* M4.1/17.10, *britano* CI.22.6, *anglicanos* CII.5.2, *anglicana* CI.29.2, *hispanos* CII.5.4, *romanos* CIV.29.8, *galecianas* M25.24, etc.

#### 4.2. Adxectivo

Como sucedía no caso dos substantivos, para as formas terminadas en *-n* e *-l* escolle o plural en *-s* (*louzás* F8.10, *ruís* CI.23.7/IV.19.3/M9.11/V18, *leás* V20, *feudás* V26, *vís* CIV.19.2/F4.53, etc.), aínda que se observen tamén exemplos esporádicos de plural en *-es* (*mortales* CII.39.2, *marciales* CII.13.7, *trunfales* CIV.9.5, etc.). A forma *bo* CIV.24.1/*bó* V269 ten como plural na súa obra *bos* M7.16/*bós* F6.56. A forma seseante *ferós* CI.18.5, etc. presenta dous plurais diferentes: os *ferós* combatentes CII.30.3/ os ingleses *feroces* CII.7.2. Sen embargo, o habitual nestes casos é o plural non seseante: *infelís* CIII.23.4/V149 ten como plural *infelices* CI.32.3. Chaman a atención do lector os variados resultados de CRUDELE que se achan na súa obra: *cruél* M4.11/F1.126, *crués* CIV.21.7/M7.3/F1.116/F10.52, *crús* CI.18.4, *crua* CI.9.7/II.29.8, *crudo* M2.3, *crudos* CI.26.3, *crudas* M13.6.

En canto á gradación, hai que indicar que Vaamonde prefere a terminación *-ísimo* para a formación do superlativo absoluto, especialmente n'Os *Calaicos*: *fortísima* CI.5.3, *fortísimos* CIII.5.7, *seguidísimas* CII.22.2, *durísimo* CII.37.7, *justísima* CIII.17.8, *crudísimos* CIII.20.7, *fidelismo* CIII.21.4 (rima con *civismo*), *riquísimos* CIV.2.4, *grandísima* CIV.26.8, *altísima* M6.15, etc. Polo que se refire á posición, o estilo do seu verso proporcionáanos varios exemplos en que dous ou máis adxectivos preceden un substantivo, sobre todo n'Os *Calaicos*: *valerosos arriscados* peitos CI.6.3, as *galegas insólitas* fazañas CI.3.7, os *roxos apolíneos* resplandores CI.11.2, o *vital vermello* xugo CII.20.5, nos *mavorcios sanguinosos* lares CIV.15.5, os *briosos / esforzados* marinos *valerosos* CIV.27.7-8, as *gloriosas / galecianas* enseñas M25.23-24, neste / *dudoso, duro* lance M7.27-28, ao *bárbaro, cruel, rudo* enemigo CII.37.8, etc.

#### 4.3. Artigo

A contracción da preposición *a* coa primeira forma aparece representada como *ao* CI.4.6, *aos* CIV.13.8, etc. No caso da preposición *con* o habitual é a utilización do apóstrofo (*c'o* M19.5, *co'a* V16, etc.) en tanto este non aparece nunca con *de* (*do* CII.8.1, *da* M8.36, etc.). Polo que se refire ó plural do artigo indeterminado masculino, alternan as formas *unhos* M7.19/F5.38 (formada por analogía a partir de *unha/unhas*) e *us* (*nus*

CIII.19.3, etc.). Rexistramos casos illados nos cales, por razóns métricas, o artigo non contrae coa preposicións (*con o* CII.12.3, *con os* CIV.29.6). Noutros a separación das dúas palabras é unha simple escolla gráfica (*de un* V150, *de unha* CI.15.2/V259, etc.). O artigo *unha* pode perder a vocal final diante do substantivo *hora*: *un hora* CIII.25.1/M22.18/F8.16.

Opta sempre pola representación gráfica con trazo da segunda forma do artigo, mesmo nos participios (*abertal-as xunturas* M2.2): *pol-o* V198, *pol-a* CIII.30.1, *tódol-os* V71, *fúchel-o* consolo M1.2, *ouvil-os* teus sons M1.14, *sel-o* meu supricio M12.26, *soltal-a* bandeira M18.52, *velal-o meu corpo* M30.33, *ganal-o corazón* V239, que *compasivol-os* salaios tristes F1.115, *soporta-lo* arado e recubrir-se F10.26, *ul-os* altares F5.19, *deixal-as* armas de seguida / e esquencer-me F5.62-63, etc.

#### 4.4. Pronome persoal

Na **serie tónica** a segunda persoa do singular do pronome suxeito é sempre *ti*, forma propia da súa área lingüística (*ti* M1.1/*tí* CI.16.1/V274, etc.). Para a primeira e segunda do plural emprega tanto *nosoutros* V126/F2.38 e *vosoutros* V110 como *nós* M3.25/F5.1/V120, etc. e *vós* F2.6/10.11, estas últimas non sempre graficamente diferenciadas das correspondentes formas átonas. Hai que sinalar tamén a utilización da forma arcaica *elo* (*nelo* CIV.32.4).

Dentro da **serie átona** é de salientar a presenza dun caso illado de cheísmo (a geración vindoura imitarache CIV.10.6). Alén diso, pódese sinalar a frecuente mudanza da posición do pronome átono por necesidades rítmicas: na trombeta da fama *o* dando ao vento CI.2.8, e o dano que puidese *lles* causare CI.25.8, as mulleres e nenos *lles* axudan e nos postos de honor *os* arremudan CII.11.7-8, axuda *lles* pedindo V39, sentín non sei que cousa / que *fixome* lembrar F3.11-12, ¡Oh! que felís é aquel á quen o vento / por riba do tellado *lle* non zoa F5.127-128, etc.

#### 4.5. Demostrativo

Rexistramos na súa poesía o paradigma maioritario do galego *este, ese, aquel(e) / esta, esa, aquela / esto, eso, aquilo*: *nesto* F5.136, *eso* CI.4.1, *aquele* CIV.13.3, *aqueles* CII.39.7/M15.42. Por outra parte, incorpora á lingua literaria formas arcaicas como por exemplo *aqueste* F6.42 e *aquesta* CIV.15.7/ M9.36.

#### 4.6. Posesivo

Os nomes de parentesco non van precedidos do artigo determinado (foi domeada por *nosos* pais F4.31, que antes levaran vosos abôs F4.14, etc.). Con todo, a súa omisión diante do posesivo cando este é de regra é unha das características máis sobranceiras da súa lingua literaria. Toma este trazo estilístico, contrario ó recto uso do galego, non do español, senón da literatura portuguesa, especialmente de Camões, como sucede no caso de Pondal (Lorenzo Vázquez, 1986, pp. 35-37 / Ferreiro, 1991, p. 61-61): en quen cifran os pobos *sua* esperanza, / cuidando se renove a sua gloriosa / historia CI.5.4-6, Que corte o mar *tua* gente belicosa C I.17.7, *seu* ceño adusto, *sua* mirada fría CI.24.4, e alí con

*seu* valor e *sua* pericia CII.6.7, *miña* alma, aí triste, agora so respira M1.5, poñede *nosos* cándidos amores / baixo do voso escudo M6.27-28, Que vexo? *Nosas* praias humedentadas M25.5, e *seu* rostro de pálido sembrante V196, *meu* solar e castelos van por terra V220, e se a Virxe *teu* rogo no acollera, / *teu* corpo, de unha corda pendurado V258-259, a visión doce que corroi *miña* alma F1.86, e *meu* ser todo por enteiro embarga F1.106, Doce é o tormento que en *seu* fondo escuro / *meu* peito sofre F1.119-120, etc.

#### 4.7. Indefinido

Constatamos que o plural de *algún* M7.24 é sempre *algús* CII.7.6/16.5 e o de *un é us* CII.36.8/III.8.3. Alén diso, cómpre salientar que o indefinido *outro* pode ir precedido do artigo indeterminado *un*: e *un outro* ja parezo F1.59, un día á *un outro* día se sucede F1.71.

#### 4.8. Verbo

Achamos en certos casos dous radicais para un mesmo verbo: *ouvir* M9.39, *ouvido* CIV.7.3, *ouvil*-os teus sons M1.14, *oían* CIV.3.8, *oíase* V66, *oímos* F9.21. Pola súa banda, *dicir* adopta para o tema de presente dous radicais: *dice* CII.31.6/IV.18.5 e *din* M9.23. No verbo *poder* conviven os radicais *poíd*- de tema de presente (*poída* V191) e *puid*-, *puíd*- de tema de perfecto (*puido* CIII.22.1, *puiden* F5.80, *pudesen* CIV.30.8, etc.). No caso de *querer* aparece nunha ocasión a forma *quisera* CI.10.8, fronte ó radical *quix*- dos restantes casos (*quixeron* CIII.6.7). Observamos exemplos de vocal temática *-i-* en formas como *cair* M9.5/F2.4, *caindo* M23.7/29.18/30.2/V194, *trairian* M4.7/7.20. Hai verbos en que se aprecian dúas vocais diferentes: *abatindo* CIV.12.5, *abater* CII.19.4, *bater* CII.20.4, *combater* CIV.1.3. En ocasións, elixe as formas da terceira persoa do singular do presente de indicativo que presentan vocal temática *-i-*: *traí* F1.69, *trailla* CII.12.8, *corroi* F1.86, *doi* F5.5, *sai* F6.73.

No caso dos verbos con alternancia vocálica no presente de indicativo hai que subliñar a tendencia a regularizar o paradigma dos verbos da terceira conxugación, preferencia quizais favorecida pola uniformidade que estas formas presentan en español: *sinte* F9.28, *sinten* CI.32.4/F5.28, *fire* CI.33.1/II.33.5, *firen* CII.32.3, *siguen* CII.35.3, *consigue* CII.14.4, *persigue* F1.95, *sube* F5.50, *suben* CIII.17.4. Non obstante, na lingua literaria de Vaamonde a maior parte destes verbos aparecen coa súa flexión alternante habitual: *acode* CII.12.2, *recobren* CII.17.4, *descobren* CII.17.2, *fogen* CII.36.6, *infounde* CIII.15.3, *engole* CI.10.5, *foxe* M30.18, *foge* F1.67/5.29, *dorme* F1.104, *dormes* M25.12, *rendes* M25.13, *sofre* F1.120, *sofren* M25.32, *converte* F6.12, *rengen* F6.15, etc.

Os verbos *ofrecer* e *parecer* presentan como terceira persoa do singular *ofréz* M30.32, *parez* M9.42/F4.9 e *paréz* M22.14/19/20/F8.18.

Na segunda persoa do plural do presente de indicativo as desinencias maioritarias son *-ades/-edes/-ides* (*fagades* M24.19, *vedes* V113, *andades* F2.5, *cuidades* F4.17, *deixades* F4.55, *valedes* F4.57, *librades* F4.58, *estades* F7.9, etc.), aínda que haxa algúns exemplos do tipo *podés* CIV.15.4 e *querés* V111.

Polo que respecta ó pretérito, rexistramos *viñen* V232 e *dei* F1.44/5.57 para a primeira persoa do singular de *vir* e *dar*. Para a segunda persoa do singular opta polas formas terminadas en *-che*: *liberache* CIV.10.2, *conquistache* CIV.10.4, *caiche* M18.19, *fuche* M19.4, *separache* F1.5, *viche* F8.16, *tuveche* F11.62, podendo encontrar ocasionalmente formas terminadas en *-s* (*fíchel-o* M1.2). Na segunda do plural hai algunha forma hipercaracterizada do tipo *vístedes* M6.7, mais o habitual é achar o sufixo *-stes*: *probastel-o* F2.12, *puxestel-o* F4.13, *perdestes* F4.15, etc. Encontramos vocal temática *-i-* para a terceira persoa do singular en *viu* V77/CIII.22.6, *fugiu* F1.49, etc. No caso de *caer* utiliza *caeu* M18.8, a pesar de que noutros exemplos usa *caír* F2.4. Localizamos escasos exemplos de formas da terceira persoa do singular en *-ío* (*vío* CII.14.8/V200, *saío* M15.19/M21.2, *consentío* M21.6), características da poesía de Pondal (M. Ferreiro, 1991, p. 63). Para a terceira persoa de *dar* usa *dou* CIV.15.6/25.5.

No copretérito observamos a tendencia á utilización da formas etimolóxicas paroxítonas na primeira e mais na segunda persoas do plural (*estabádes* F2.1/7.8, *dabádes* F2.3, *mostrabades* F10.5) aínda que tamén se encontren esporadicamente casos do tipo *atopábamos* M27.1. No paradigma de *ir* Vaamonde utiliza as formas que conservan o *-b-* etimolóxico (*ibas* M5.4, *iban* V15 /63 /F 4.52).

No antepretérito rexistramos a forma *estaran* F5.48 para a terceira persoa do plural.

No presente do subxuntivo de *dar* encontramos a forma *dea* V175, maioritaria no territorio, e no de *doer* rexistramos a forma sen vocal temática *-i- doa* F5.130.

O imperativo presenta algúns exemplos de sufixo *-i* para a segunda persoa do plural: *dai* CI.4.3, *concedeille* CI.4.3, *deixai-nos*, F4.22, etc., mais o maioritario é *-de*: *escoitade* V112, *oíde* F6.33, *sede* F6.27/28, etc.

Constatamos o abundante uso do infinitivo flexionado na súa poesía: por *veren* abatida sua bandeira CII.39.6, pois quixeron mellor todos *morreren* / que vís escravos dos latinos *seren* CIII.6.7-8, e para se *evitaren* mais perigos CIII.27.5, ¡Oh Fortuna mudable, que en *trocades* / as cousas te deleitas! M13.19-20, para *iren* / enriba, de contado, do castelo V39-40, sin *seren* dos contrarios abatidos V59, o mesmo día / de *chegarmos* â patria F5.43-44, ¡Quen o *serdes* as mesmas cuidaría...! F10.4, etc.

Pola súa banda, o infinitivo non flexionado pode ter valor imperativo: lonxe ide axiña. / En pas *deixarme* M24.5. Sérvese da construción xerundio + preposición *en* para expresar a anterioridade da acción deste respecto da do verbo principal a reina *en acordando* / mirou á todas bandas CI.19.3-4.

Alén do uso das formas en *-ra* en contextos propios do pretérito do subxuntivo en *-se*, podemos sinalar tamén a utilización destas formas para expresar a irrealidade no indicativo: así de min ñoras / os feros en que vivo; (...) sinón á min *viñeras* / axiña, compasivo... M12.9-14, ¿cómo podería estar ausente / dos sitios en que vin a nena pura / a quen inda *quixera* ter presente? F5. 106-108, Venturoso me cuidas; tal colixo, / pero non me *cuidaras* se souberas / que nos mares que ruzo ha vento rixo F5.19-21.

#### 4.9. Adverbio

Utiliza a forma *ora* co valor do adverbio de tempo absoluto *agora* (pavor e mortos e de sangue un río / no Burgo tremulento *ora* se vío CII.14.8, aqueles barcos tan cheos de guerreiros, / *ora* de gente van casi valeiros CII.39.8). Achamos dous exemplos de *outrora* para designar un tempo pasado afastado do actual (ou a héroes que *outrora* foron causa M3.5, *outrora* descansaba M13.9). En canto ós adverbios de lugar absolutos da serie en *-a* tan só rexistramos un exemplo (volve *acá*: volve, por Dios M19.6). Entre os de dúbida encontramos *seique* (dos sepulcros a pas *seique* invexara M9.46). O adverbio de negación *non* preséntase baixo diferentes formas tales como *non* CII.29.4, *n'* atopaba V190, *n'* hai M28.9, *no* acollera V258, *no'é* F5.88, *no'esquencerei* M26.9. Finalmente, recupera na súa lingua literaria os adverbios *u* (*ul-os* F4.19) e *ende* (CIII.14.4, F6.22, etc.).

#### 4.10. Preposición

A preposición *ata* aparece baixo formas diversas, que parten do español *hasta*: *hasta* M17.9/F5.91, *hastra* CII.15.7/III.16.5, *hatra* CI.18.3, etc. No caso de *sen* adopta sempre o españolismo *sin* CIV.9.6/V59, etc. A forma *para* CIII.2.5, etc. preséntase frecuentemente sincopada: *pra* CIII.14.7/M21.15, *pr'a* F11.18. A preposición *sobre* CI.11.8 pode adoptar a forma popular *sobor* M7.32 e *desde* pode aparecer como *dende* CI.31.4 ou *dendes* CI.18.3. Nalgún caso toma formas portuguesas: *após* corro *da* esperanza M30.15

A contracción das preposicións indícase con apóstrofos (*c'o* M7.1, *c'os* M3.29, *d'unha* M6.19, *d'esa* M16.16, *d'elas* M4.18), trazos (*pol-o* V198, *pol-a* V65), acentos (*á* V63, *â* F5.44) ou ben sen a axuda de ningún destes signos ortográficos (*coa* CII.35.8, *dos* M6.21, *del* CII.32.4, *dél* CII.32.4, *deles* CII.33.4, *nél* M18.36, *neles* M4.18, *naquél* M9.23, *no* M17.14). Ás veces non indica na escrita a contracción da preposición *de*: *de estes* CI.2.2, *de outro* CIII.22.1, *de outra* CII.19.5, etc. Por esixencias métricas, unhas veces *con* non contrae para obter unha sílaba máis (*con o* CII.12.3, *con os* CIV.29.6) e outras intervén en contraccións pouco frecuentes para lograr unha sílaba menos (*co esa* CII.4.3, *co él* CII.32.6).

#### 4.11. Conxunción

Conviven na súa poesía os nexos copulativos *nin* e *ni*, *nen* e *ne'*: *ni* os desordes, / *nin* as revoltas M7.1-2, e *nin* a negra invexa *ni* a cubiza M9.27, *nin* tampouco ha zoal-o vento sempre M7.31, *ni* o quere M9.17, que *nen* allea usurpación consente CI.1.4, que *nen* a voz do razonar escoitan CII.10.8, *ne'orto* M8.11, *ne'haberá* M18.43, etc. Tamén se rexistran as formas *namentres* CI.26.8/M22.20, *namentras* CII.5.1, *mais* M5.12/15.11 e *pro* CII.21.8/III.13.3, etc.

### 5. NIVEL LÉXICO

De maneira semellante a Pondal, Vaamonde incorpora ó galego literario un abundantísimo caudal de **léxico culto**. O latín é a súa principal fonte de creación de cultismos, in-

tentando así distanciarse o máis posible daqueles *afillados do demo* que inzaban o galego literario de barbarismos. Os exemplos, na súa maior parte adxectivos, son copiosos: *Mavorte* CII.34.7/III.21.7/M21.33, etc., *mavorcios* CIV.15.5, *sanguinolento* CI.25.4, *sanguinoso* CII.25.7, *tremebundo* CII.2.1, *tremulento* CII.2.4, *truculentos* CII.2.7, *armígeros* CII.31.5, *esclarecidos* CI.2.2, *neptunino* CII.1.6, *agareno* CIII.8.8, *criminoso* V246, *furibundos* V63, *mélido* V179, *tonante* M25.27, *armipotente* CI.1.2, *irado* M21.33, *iroso* M25.28, *irosas* CII.34.4, *iracunda* CI.16.3, *bélicos* F5.63, *belicosa* CI.17.7, *umbrífera* CI.30.8, *rubicunda* F10.27, *cara* CII.29.1/II.31.3, *atra* CII.3.1, *opípara* CIV.1.6, *plúmbea* CII.23.3, *gladio* CII.26.7, *prora* CI.35.1, etc.

## 6. NIVEL SOCIOLINGÜÍSTICO

Durante o prolongado período de conflito lingüístico entre o galego e o español xerouse unha situación sociolingüística denominada *diglosia sen bilingüismo* (Rotaetxe Amusategi, 1990, p. 68-69). A pesar da escrupulosidade á hora de depurar o galego popular, na lingua literaria de Vaamonde achamos interferencias gráficas, fonéticas, gramaticais e léxicas explicables polo feito de ter accedido á cultura a través da lingua dominante e por ficar aínda o galego exclusivamente circunscrito ó ámbito coloquial.

Dentro do seu sistema ortográfico observamos grafías do tipo *abós* V285/*abôs* F4.14, *armonioso* CI.12.3, *arpas* M13.27 e *hirmás* CIV.12.2. Nas obras en que utiliza as grafías *g* e *j* rexistramos formas que non se axustan á etimoloxía do vocábulo como *salvajes* CII.7.3 *viaje* F3.48 (mais *viage* F9.46) e *viajeiro* F9.23.

A creación de formas hipergaleguizadas hai que atribuíla á coexistencia das dúas linguas e ó consecuente afán de se afastar do español. Esta alteración das palabras incorpora ditongos alí onde o galego non os posúe (*hourizonte* CI.21.3/F9.48, *misteirioso* F2.29, *leixana* M12.9, *Ouceáno* M29.14, *Ourente* CI.31.1/F1.17), elimínaos onde existen (*ambiente* CI.13.4, *cencia* CIV.33.3), palataliza cultismos nos cales non se deu este fenómeno (*romañas* CI.3.8/III.5.3 [en ambos casos rimando con *fazañas*; sen embargo na mesma oitava aparece *romanos* CIII.5.8], *ilumiña* CII.11.4) e elimina a palatalización noutros en que si existe (*estranos* CII.2.5, *estrana* F5.131 [máis *extraño* CIII.17.3, *extraña* CIII.19.7]).

No caso das terminacións *-tude*, *-tade* e *-dade* conviven na súa poesía formas plenas e apocopadas<sup>22</sup>. Os exemplos son numerosos: [-*TUDE*] *virtú* CI.1.6/IV.32.6, (*virtudes*

<sup>22</sup>Non existe unanimidade á hora de considerar as formas apocopadas meras interferencias do español ou, pola contra, formas propias do galego. Ferreiro Fernández (1995, pp. 62 [nota 44]) xulga que a desaparición moderna da terminación *-de* no galego popular “é unha evolución producida pola interferencia do español” e que a presenza xeneralizada das terminacións *-dá*, *-tá* e *-tú* na lingua oral popular “responde á secular presión do español que chegou a afectar unha terminación, restaurada firmemente na lingua culta e literaria” (Ibidem, p. 107). Fernández Rei (1990, p. 67) considera a forma *verdá* propia do galego común fronte a *verdade* pertencente ó literario. Monteagudo e Vilavedra (1993, p. 67), á hora de estudiaren a lingua literaria de Rosalía

F3.27), *juventú* CI.5.1, *multitú* CII.34.3, *escravitú* M15.20, *senetude* M9.35, [-TADE] *tempestá* CIII.1.1/V189/264/F3.32, *libertá* CIV.26.7/M15.15/F3.40 (mais *libertade* CIV.13.5), [-DADE] *lealdade* CIII.19.1 (mais na mesma oitava: *lealdá* CIII.19.8), *verdade* CIII.19.3, *edade* CIII.19.5, *idade* M9.23 (mais *edá* F3.28/54), *cidade* M3.16/8.4, *maldade* V280, *pouquidade* F5.49, *humanidade* F5.51/7.28, *ansiedade* F6.1, *mortandá* CII.31.1, *soedá* M24.2, *soledá* V185/F11.5, *falsedá* V13, *piedá* V257, *iniquidá* V261, *ansiedá* F1.66, *claridá* F1.88.

A interferencia do español produce inestabilidade nas formas nas cales se produciu en galego a perda do *-l-* e do *-n-* intervocálicos: *recela* CIV.25.6, *recelados* F10.13, *á sólas* CI.12.7, *tronar* CII.22.5 (mais *troan* CII.10.3, *atroan* CII.10.5), *sonadora* M21.36 (mais *soan* CII.10.1, *soaban* CIV.3.4, *resoando* CIV.5.6, *resoaron* CIV.30.2), *amenazas* V238, *amenazada* CIV.20.4, *pregona* CI.28.5, *entona* CI.28.3, *razonar* CII.10.8, *perdonou* V72, *donou* F4.60, *a menudo* F7.3, etc. Conviven con estas formas do español outras propiamente galegas nas cales se aprecia a súa perda (*refrea* CIV.24.4, *cadeas* M18.10, *encadeada* M15.3, *voando* CII.13.1, *revoaba* M18.1, *âas* M30.23, *saen* CII.2.7, *veo* CII.3.8, etc.) e mais exemplos de vocábulos coincidentes co español que as manteñen (*condenado* V79, *abandonada* M15.5). Esta vacilación constante, unida ó desexo de se diferenciar do español, conduce á hipergaleguización de formas nas cales non se produciu esta caída na nosa lingua (*sereo* V88, *sereouse* CI.19.6, *avea* M21.36, do lat. AVENA, flauta pastoril, etc.).

Afecta tamén ás formas en que houbo palatalización da nasal en galego (*ganan* M15.30, *ganaron* CIII.2.4, *ganal-o* V239, *conoce* V166, *conócese* F10.13, *reconozo* V226, *marino* CIV.26.1, *comunión* M3.22), ás formas en que pola contra non a houbo (*daño* CIII.17.3, *daños* M15.40 [mais *dano* CI.25.8]) e ás formas nas cales o *-l-* non palatalizou: *gallegos* CI.31.8 (mais *galegos* CIII.5.7), *vasallos* CI.8.2 (mais *vasalos* V219), *molle* M3.3 (mais *mol* M15.33), *bellos* M5.1, *bellas* M16.2, *belleza* M26.10, *apellido* III.10.7, *doncellas* CIII.10.3, *vasallos* CI.8.2, etc. O afán de se apartar do español provoca a creación de formas artificiais hipergaleguizadas do tipo *orgulo* CIV.32.7, *muralas* CII.6.4/30.7/III.14.5, *brilante* CIII.20.3, *batala* CIII.31.2 [mais *batalla* CII.13.4], *briladoras* M6.2, etc.

Dada a súa clara preferencia polas formas rotatizadas, é probable que a aparición de certas formas sen rotacismo (*placeres* CIII.2.7, *desplegadas* CI.18.1, etc.) se explique tamén por esta interferencia.

O xénero dalgúns substantivos vese constantemente alterado. Nalgúns casos os substantivos de xénero feminino adoptan xénero masculino: *os lindos côres* CI.11.4, (mais a

de Castro, diferencian as “formas plenas ou tradicionais en singular, con mantemento da terminación *-de*” das “formas populares apocopadas, coa perda da terminación *-de* en singular”. Lama López (1995, p.101) sinala que parece haber testemuños da convivencia “destas formas plenas con outras apocopadas (*-dá* e *-tá*) xa dende o século XVI”. Lorenzo Vázquez (1986, p. 29) inclúe estas formas no apartado “dobletes e deformacións lingüísticas” no cal afirma que os escritores da época de Rosalía de Castro “non tiñan unha conciencia lingüística diferencial clara e utilizaban sen reparos o castelán ou retorcián a lingua, apocopando arbitrariamente as palabras ou tomando formas reducidas da lingua falada para cubri-las necesidades, especialmente no verso”.

*sua cor* CII.38.7, *a côr* M15.18), *dôres segredos* M24.10 (mais *da fera dôr* M6.14, *a dôr* M7.25/30.22, *tanta dôr* M18.22), *moito arte* CIV.1.7, *o orde* F2.37, *os desordes* M7.1, *o suor* M7.10, *os albres* V210 (mais sempre feminino en *Follas ao vento: amigas albres* F7.1, *albre follosa* F1.32, *das albres bravas* F9.8, *das verdes árbores* F8.9), *o celage* CI.15.2, *o paisage* F9.4, *o viaxe* F3.48, *un viage* F9.46 (mais *a fogaxe* CIII.27.6, *a imaxe* M21.32, *a follage* F10.1), *un aguia* F10.39, *pantasma misterioso* F9.49, *o pantasma* F11.52. Noutros casos os substantivos de xénero masculino pasan a ser femininos: *na mar serena* M8.6 (mais *dos mares* M16.3), *a siñal* F3.22/CII.24.7. O substantivo *sangue* ten, sen embargo, sempre xénero masculino no corpus analizado: *o sangue* CIV.8.4, *sangue galaico* M7.21, *c'o sangue* V6, *o sangue* F6.11, *pol-o inocente sangue* F7.47.

No caso das terminacións latinas *-TIONE* / *-(S)SIONE*, son maioritarias nos poemas estudados as solucións do tipo *nación* CIV.21.3, *vingación* CIII.29.7, *oposición* M17.14, *función* V68, *procesión* F9.25, etc., aínda que tamén se rexistra *virazón* M17.2. Polo que se refire ós sufixos *-cio/-zo* e *-cial/-za*, encontramos exemplos dos dous tipos, mais o maioritario é o primeiro deles: *Galicia* CI.18.8/II.6.8/M18.27, etc., *doencias* M16.10, *presencia* M24.19, *querencia* V115, etc. A evolución patrimonial só a achamos en *desgraza* CIV.18.3, *estanza* CI.22.1, *servizo* M18.25 e *espazos* CIV.5.6 (vid. Ferreira, 1995, p. 169).

Ás veces encontramos a solución culta *-ano/-ana* en palabras patrimoniais tales como *insano*, *vano* (CI.9.1/5 respectivamente, en rima con *inhumano* v.3) e *insana* V8. A actitude diferencialista pode provocar tamén a tendencia contraria, é dicir, a pseudogaleguización de cultismos nos cales observamos a terminación patrimonial *-an* (*humán* F7.52) ou ben un sufixo que non lle corresponde (*romañas* CI.3.8/III.5.3).

A omnipresencia da lingua oficial maniféstase tamén na creación de palabras, que acaban por substituíren as formas propias (*alexe* CI.16.6, *leixanas* CIV.27.4, creadas a través dunha forma *\*lexos*), e orixina confusións entre formas que posúen dous significantes na lingua B, mais un só na outra. Exemplo deste fenómeno é a confusión entre *sono* e *soño*: o roxo sol (...) a faz mostraba de esplendor vestido (...): o *soño* foge sin facerlle frente / ante a lus sua, triste, espavorido CI.31.1-6.

Afecta tamén ó pronome persoal (que Inglaterra ou Britania *os* è chamada CI.7.4), á morfoloxía do verbo (*teje* CI.16.4, *predijo* CI.20.2, *plugo* CII.20.3 [mais *andei* V114/224, *andou* F4.36]), pra os que *houberan batido* ao propio Marte CIV.1.8, Canto día en valuto *houben pasado* / que ben podó dicir non *ei vivido!* / Canto pranto amargoso *houben vertido!* / Canto van pensamento *sustentado!* M14.1-4) e á súa sintaxe (perífrase ir + infinitivo: venche á ofrecer a croa CI.16.4). Non achamos na nosa pescuda rastros do futuro do subxuntivo, tempo xa case desaparecido tanto no galego como no español orais. A interferencia da lingua A atinxe tamén a preposición (*hasta* M17.9/F5.91, *hastra* CII.15.7/III.16.5, *sin* CIV.9.6/V59, etc.) e mais o adverbio (achamos parellas do tipo *onde/donde*, mesmo en versos consecutivos: *onde* criados foron docemente / e *donde* se veneran M18.29-30, *donde* CI.31.4, *doquer* CI.28.3, *en onde* CIV.18.5, etc.).

Usa a forma de relativo posesivo *cuio* (*cuio* espírito e valor CI.32.6, á *cuio* número CIV.7.1, en *cuia* nobre historia CIV.21.4, etc.) debido á desaparición da forma lexítima *cujo*, hoxe en vías de recuperación (Álvarez *et alii*, 1989, p. 287), por causa da forzada interrupción do uso culto da lingua.

No léxico da súa poesía advertimos disparidades producidas pola interferencia do español: *deseo* CIII.25.8, *deseos* F5.61, *deseando* F5.110, *deseare* CII.37.6 (mais *desejo* CI.9.1, *desexo* M14.6, *desexado* M8.14), *padre* M25.27, *padres* F5.25 (mais *pais* F4.31), *madre* F4.60 (mais *nai* F4.57), *sonidos* CIV.3.8 (mais *son* CI.14.7, *sons* M1.14), *orden* CI.13.8/II.13.8 (mais: *as ordes* M9.34), *alabaron* CIII.3.8 (mais *louvar* CIV.15.8, *louvando* CIV.24.8, *louvados* CIV.22.7), *venganza* CII.35.2 (mais *vinganza* CII.33.2), *enemigo* CII.26.6, *enemiga* CII.35.6 (mais *imigo* [sic] CII.29.6). A lista de formas procedentes do español non é, con todo, moi longa debido á minuciosidade do poeta á hora de purificar a lingua: *Alfonso* CIII.16.4, *reina* CI.7.5/12.5, *ceño* CI.24.4, *Dios* CI.25.6/M9.15/19.6, *contenerse* CIII.29.2, *celda* CIII. 29.3, *nudo* CIV.1.5, *dudo* M4.17, *duda* M9.16/F8.30, *dudas* CIII.26.5, *dudoso* M7.28, *testigo* F1.109/9.37, *testigos* M6.3, *interés* M9.11, *sangre* V6, *rencor* V144, *axa* “estraga” F1.82, *pasión* CIII.27.3/IV.33.8/V241, *enardecidos* CII.24.2 e algunha outra.

Florencio Vaamonde acode á lingua portuguesa para reconstruír o léxico alí onde a interferencia do español provocara a desaparición e substitución das formas lexítimas galegas. Tamén acode a el para introducir no galego cultismos que este non posuía debido á imposibilidade de ter un uso culto. Entre as formas que podemos presupor introducidas a través das súas lecturas da literatura portuguesa, a pesar de existiren tamén en español, podemos sinalar: *irado* CIII.29.7, *irosas* CII.34.4, *sanguinoso* CIII.29.5, *fazañosos* CIII.11.8/IV.17.5, *caridosas* M6.21, *criminoso* V246, etc. Na obra de Vaamonde encontramos un dos primeiros intentos de dotar o galego moderno dun conxunto de cultismos que o obrigado abandono da lingua lle negara. A influencia da lingua e da literatura portuguesa resulta particularmente significativa nas oitavas d’*Os Calaios*, escritas a emulación d’*Os Lusíadas* de Camões: *asinalados* CIV.15.6, *cutiladas* CII.34.2, *medoñento* CII.3.7/M24.17, *campinas* CI.2.5, *ares* CII.22.6, *trombeta* CI.2.8, *soluzando* CIII.23.8, *arrepente* CIII.25.2, *direito* CIII.26.7, *jazigo* CIII.30.5, *fadiga* CIV.27.3, etc. Chega mesmo a utilizar a voz *caballeiros* CIV.30.5 (mais *cabaleiro* V278), que é un españolismo en portugués. No resto da poesía analizada tamén se aprecia esta tendencia: *degredo* M5.9, *movimento* M8.5, *invexa* M9.27, *trombetas* M13.26, *sofrer* M15.2, *oferecen* M15.27, *abutres* M18.39, *rosto* M26.12, *após* M30.15/F6.15, *formosura* V140, *ceu* F6.24 (mais *ceo* F2.18/9.50), etc. En contadísimas ocasións tamén se serve de empréstimos doutras linguas, mais só debido a necesidades da rima (*paíra* CII.1.5 rima con *espesura* e *dura*, mais *pavor* CII.14.7).

Florencio Vaamonde, adscrito á Escola Formalista encabezada por Eduardo Pondal, coñecedor do latín e do grego así como de varias linguas europeas entre as cales estaban con seguridade o español, o portugués, o francés, o italiano, o catalán e o inglés, é un dos máximos representantes da elite intelectual galega que contribuíu á creación dunha lingua literaria pulida e elegante. A súa tarefa viuse enormemente limitada pola inexistencia na súa época dun labor filolóxico e académico que posibilitase a creación dun modelo lingüístico requintado. O seu coñecemento da lingua e da literatura portuguesas favoreceu sen dúbida a purificación da lingua oral ata elevala á categoría de literaria, mais non foi suficiente para contrarrestar a interferencia do español e a presión dos fenómenos do rexistro popular. Procurou a coherencia e a calidade na planificación do corpus e contribuíu coa súa obra á elevación do status da lingua así como á súa dignificación.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, X., “Horacio en galego: catro epodos descoñecidos de 1910”, *Grial* 116, 1992, pp. 530-539.
- Alonso Montero, X., “Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905”, *Grial* 99, 1988, pp. 8-17.
- Álvarez, R. / Monteagudo, H. / Regueira, X. L., *Gramática Galega*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1989.
- Cabana, D. X., “Xabier Cordal: *Arianrod*”, *A Trabe de Ouro* 15, 1993, pp. 157-158.
- Carballo Calero, R., *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1981.
- Costas González, X. H., “O trazo entre o verbo e o pronome átono enclítico”, *Grial* 100, 1988, pp. 192-198.
- Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- Ferreiro Fernández, M., “A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego”, *CADERNOS DE LINGUA* 4, 1991, pp. 49-70.
- Ferreiro Fernández, M., *Gramática Histórica Galega*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1995.
- Figuroa Lorenzana, A., *Diglosia e texto*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1988.
- Forcadela, M., *A poesía de Eduardo Pondal*, Vigo, Edicións do Cumio, 1993.
- García Gondar, F. (director) *et alii*, *Repertorio Bibliográfico da Lingüística Galega*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, 1995.
- Hermida Gulías, C., “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]”, *Grial* 97, 1987, pp. 299-316.
- Hermida Gulías, C., *Os precursores da normalización*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1992.
- Lama López, M. X. (ed.), “A lingua de Cantares Gallegos”, en Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, Vigo, Galaxia, 1995.
- Lorenzo Vázquez, R., “A lingua literaria na época de Rosalía”, *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Tomo III, 1986.
- Méndez Ferrín, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984.

- Monteagudo. H. / Vilavedra. D.(editores), “Estudio lingüístico e sociolingüístico”, en Rosalía de Castro, Follas Novas, Vigo, Galaxia, 1993.
- Monteagudo. H. (ed.), Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto, Vigo, Galaxia. 1995.
- Noia Campos, M. C., “Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa* 1, 1995, pp. 13-62.
- Rivas Cid. X., “Confusión entre as grafías b/v no galego”. *Cadernos de Lingua* 1. 1990. pp. 155-159.
- Rotaetxe Amusatagi, K., *Sociolingüística*, Madrid, Síntesis, 1990.
- Tarrío Varela, A., *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994.
- Vilaboi Freire, P., “Algunhas observacións da grafía *h* no galego”, *Cadernos de Lingua* 3, 1991, pp. 169-173.